

## **AXUDAS PROGRAMA BONOS ACTIVA COMERCIO**

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN.

Orde do 29 de setembro de 2022 (DOG nº 194 de 11 de outubro) pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas, en réxime de concorrencia non competitiva, do Programa de dinamización e incentivación do consumo nos comercios retalistas da Comunidade Autónoma de Galicia a través dos bonos Activa comercio, se convocan para o ano 2022 e se abre o prazo para a adhesión dos comercios (código de procedemento CO301B)

### **Persoas beneficiarias das axudas**

Poderán ser persoas beneficiarias das axudas as persoas físicas maiores de idade e residentes na Comunidade Autónoma de Galicia.

### **Obxecto.**

O obxecto é a concesión de axudas do Programa de dinamización e incentivación do consumo nos comercios retalistas da Comunidade Autónoma de Galicia a través dos bonos Activa comercio.

### **Bases reguladoras**

As bases reguladoras publícanse conxuntamente na convocatoria do programa de bonos Activa comercio.

### **Actividade subvencionable**

Son subvencionables a compra de bens, a través dos bonos Activa comercio, nos establecementos comerciais retalistas de Galicia adheridos ao programa. As vendas subvencionadas serán as que se realicen desde a data fixada no artigo 17 destas bases reguladoras para o lanzamento dos bonos ata o 31 de decembro de 2022.

Cada bono terá a consideración de bono desconto por un valor de 30 € para as compras realizadas nos comercios adheridos.

### **Importe**

O importe do bono irase reducindo, ata o seu esgotamento, en función do valor da compra de acordo cos seguintes criterios:

- Desconto de 5 € en compras iguais ou superiores a 20 € e inferiores a 30 €.
- Desconto de 10 € en compras iguais ou superiores a 30 € e inferiores a 50 €

– Desconto de 15 € en compras iguais ou superiores a 50 €.

Todas estas contías enténdense co IVE incluído.

### **Prazo dos comerciantes para adherirse ao programa**

O prazo para adherirse ao programa será desde o 13 de outubro de 2022 ata o 30 de novembro de 2022.

### **Presentación de solicitude dos bonos por parte dos usuarios**

Para a solicitude e obtención dos bonos, cada usuario deberá darse de alta na web

[www.bonosactivacomercio.gal](http://www.bonosactivacomercio.gal)

### **Data de activación dos bonos**

Os bonos estarán dispoñibles para a súa descarga polos usuarios desde o 24 de outubro de 2022 e a súa validez estenderase ata o 31 de decembro de 2022.

### **Mais información**

Ode DOG nº 194 de martes, 11 de outubro de 2022.

[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20221011/AnuncioV0653-300922-0001\\_es.pdf](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20221011/AnuncioV0653-300922-0001_es.pdf)